



# PLAN DIXITAL

## Ceip Mestre Valverde Mayo

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

NOME DO CENTRO	CEIP MESTRE VALVERDE MAYO
DIRECCIÓN	AVDA. DE SANGUIÑEDA, 125. 36419 SANGUIÑEDA MOS
CORREO ELECTRÓNICO	ceip.mestre.valverde@edu.xunta.gal
PÁXINA WEB	<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrevolverde/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrevolverde/</a>
ETAPAS EDUCATIVAS	INFANTIL E PRIMARIA

O centro educativo C.E.I.P. Mestre Valverde Mayo é un Centro Público, que depende da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Dacordo coa última actualización do catálogo de centros establecido pola consellería o Ceip Mestre Valverde Mayo consta de 3 unidades de educación infantil e 6 unidades de educación primaria

Os postos de traballo que aparecen no catálogo son os seguintes:

4 mestres/as de EI

5 mestres/as de EP

1 mestre/a de Idioma extranxeiro: Inglés

1 mestre/a de Idioma extranxeiro: Francés.

1 mestre/a de EF

1 mestre/a de EM

1 mestre/a de PT

A maiores neste momento tamén contamos cun mestre de AL e outro de PT (atención preferente).

Trátase dun centro dunha liña pero debido ao incremento de matrícula dos últimos anos, o centro funciona con desdobres nalgúns niveis. Concretamente este curso os desdobres produxéronse en 4º de EI, en 1º e en 3º de EP.

No curso 21/22 o número de alumnos e alumnas matriculados no centro foi de 215 e o número de mestres e mestras foi de 21, dos cales 14 temos destino definitivo no centro e dous están a tempo compartido co CEIP Atín Cela de Mos.

O Ceip Mestre Valverde Mayo conta cun edificio principal e cun pavillón deportivo, situado no patio. Este pavillón pertence ao Concello, pero en horario lectivo está

destinado a uso do colexio. En horario extraescolar é empregado por outros colectivos para realizar diferentes tipos de actividades, ademais de ser albergue municipal. Para estas actividades alleas ao colexio conta cunha entrada independente.

Arredor do edificio principal esténdese o patio con varias zonas diferenciadas, unha para o alumnado de Educación Infantil dotada cun areeiro e varios xogos de exterior, un campo de fútbol, unha pista de baloncesto cuberta e unha zona de xogo libre. Na parte posterior existe unha zona cuberta que é empregada nos días de chuvia. Actualmente e dado o incremento de alumnado nestes últimos anos esta zona cuberta é claramente insuficiente. Rodeando todas estes espazos existe unha ampla zona arbolada dentro dos límites do colexio e fora destes límites está o parque da agua que dende este curso estamos a empregar en numerosas ocasións.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O noso centro atópase na parroquia de Sanguñeda, no concello de Mos, un entorno rural composto basicamente por vivendas unifamiliares, moi diseminado e cunha poboación de aproximadamente 15.000 habitantes. Nos últimos anos hai un incremento do alumnado que procede do concello de Porriño.

O centro conta con servizos como biblioteca, polideportivo, piscina municipal, edificio multiusos... Ademais do noso CEIP existen na zona 4 CEIP e un IES ao que estamos adscritos.

En canto ao nivel socioeconómico e cultural das familias do noso alumnado é moi dispar: hai dende familias cun moi baixo nivel socioeconómico e cultural ata familias con nivel socioeconómico e cultural alto. A media de fillos/as por unidade familiar está entre un e dous. Un alto porcentaxe de estas familias conviven con outros membros coma os/as avós/as. En xeral, as familias colaboran co centro.

O uso das TIC non é un aspecto novo a traballar no CEIP MESTRE VALVERDE MAYO, xa que dende o curso 2002/2003 existe un plan de desenvolvemento das TIC dentro do noso Proxecto Anual de Centro. Se ben é certo que nestes intres faise necesario abordar un cambio que signifique un maior e mellor afondamento nos plans realizados ata hai pouco.

O noso centro conta con páxina web elaborada polo profesorado do centro e que tenta ser unha porta informativa, participativa e avaliativa, xa que contamos con diversos apartados dedicados á información de actividades realizadas, de proxectos a desenvolver no Centro.

Dende o curso 2012/2013 somos centro Abalar valorando esta experiencia como moi positiva polo que cursos máis tarde pasamos a formar parte do Proxecto Edixgal no que levamos 4 cursos.

No curso 21-22 os obxectivos recollidos na PXA e propostos polo equipo Tic foron os seguintes:

- Fomentar o uso da páxina web do CEIP Mestre Valverde Mayo (<http://www.ceipmestrealverdemayo.es>) como canle de información, comunicación, participación e colaboración coa comunidade educativa.
- Fomentar o uso da Aula virtual do centro.
- Usar a páxina web do centro como referente de actividades avaliativas realizadas polo profesorado e dirixidas especialmente ó alumnado do noso centro.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente aproveitando as distintas posibilidades que ofrecen as TIC.
- Fomentar no profesorado o uso das TIC no traballo diario e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións.
- Fomentar de igual xeito o uso das TIC para a procura de información non só profesional senón tamén de experiencias que poidan servir na práctica docente a todo o profesorado de áreas e materias.
- Favorecer o intercambio de experiencias propias ou alleas a través de Internet.
- Impulsar o uso desta ferramenta tecnolóxica a todo ó alumnado en xeral e especificamente como unha ferramenta moi interesante cos alumnos con NEE ou con necesidades de reforzo e/ou apoio na aprendizaxe.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado e a motivación e o seu afán de coñecemento mediante o acceso as distintas ferramentas TIC.
- Facilitar ó alumnado estratexias para coñecer, comprender, aplicar e analizar información mediante o uso das TIC.
- Utilizar programas e contornas que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas distintas áreas.
- Empregar o ordenador como xeito de expresión, creación, comunicación, aprendizaxe, cooperación e integración .
- Fomentar o uso das TIC na ANPA do centro, favorecendo o aproveitamento das infraestruturas do colexio para a aprendizaxe de coñecementos mínimos para un uso básico das TIC en relación ós seus fillos.
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC motivadas pola situación social.

Para a consecución destes obxectivos algunhas das actividades que se levan a cabo son:

- O alumnado dende 6º de EI ata 4º de Educación Primaria ten no seu horario unha sesión semanal reservada para traballar na aula de informática do centro onde realizan actividades diversas orientadas a acadar unha maior competencia dixital: manexo do rato, creación de cartafoles, programas de texto, procura de información na rede...
- Anualmente eláborase en soporte dixital un recopilatorio do paso do alumnado que remata os estudos de Primaria. Nel participa o alumnado realizando diversos apartados narrativos e creativos resultado do traballo nas sesións tic, procura de imaxes e vídeos recollidos ata ese intre.
- Así mesmo e en colaboración co ENDL do centro realizase unha recopilación dixital sobre os diversos entroidos en Galicia, tamén os caderniños que se preparan para a conmeración de datas sinaladas teñen a súa tradución dixital a través da nosa web. De igual xeito os documentos que rexen o funcionamento do centro (PEC, PCC, RRI, NOFC...) están informatizados.
- Participamos tamén na actividade de Navega con Rumbo co obxectivo de fomentar un uso responsable dos dispositivos tecnolóxicos.
- Participación de todo o profesorado no mantemento actualizado da web do centro.
- Reunións periódicas da coordinadora do equipo Tic co profesorado que imparte as sesións de informática cun grupo de alumnos fara favorecer un seguimento do plan de actuación e facer, se cabe, as correccións precisas.
- As actividades realizadas co profesorado están dirixidas ó seu achegamento e uso das TIC: buscadores, aplicacións educativas como kizoa, canva, páxinas webs educativas...

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración deste Plan Dixital tivéronse en conta as seguintes referencias normativas:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o*

*desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*

- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

#### **1.4. Proceso de elaboración**

Para a elaboración deste PLAN DIXITAL ao inicio de curso constitúise un grupo de traballo formado por:

- María Dolores Rúas Comesaña, que actuou como coordinadora.
- Antía Casal Sanromán.
- Noelia Ramos Pérez.
- Ana Rodríguez González.
- M<sup>a</sup> Jesús González Puga.

Este grupo de traballo levou a cabo:

1. Lectura e análise da orde que regula a elaboración do plan dixital.
2. Estudo e emprego da ferramenta Selfie.
3. Análise dos datos do SELFIE e da situación do centro no eido tecnolóxico para a elaboración do DAFO.
4. Elaboración e redacción do plan dixital.

## **2. Situación de partida**

### **Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais**

O centro dispón de 4 armarios de conexións. Actualmente a cobertura wifi chega a tódalas zonas do colexio. Ademais hai puntos de rede en tódalos espazos .

Conexión baixada 600 Mb e subida 500 Mb.

Conta cunha línea de backup, dispon de voz.

Contamos cos servizos dixitais de : abalar móvil, Edixgal, estamos adscritos ao proxecto Webs dinámicas (web, galería, aula virtual) programa de xestión académica do alumnado Xade, correo corporativo.

Para o mantemento e solución de problemas e avarías dos equipos dixitais do centro dende fai dous anos temos contratada a unha empresa de mantemento.

Na seguinte táboa recolleemos os dispositivos dixitais cos que conta o centro:

ESPAZOS	DISPOSITIVOS DIXITAIS
AULA 1	1 proxecto Epson 1 Eban 1 portátil Lenovo 2 altofalantes 1 punto wifi
AULA 2	1 proxector Epson 1 pdi Smartboard 1 portátil HP (obsoleto)
AULA 3	1 proxector Epson 1 portátil HP 1 Eban 2 altofalantes 1 punto wifi
AULA 4	1 Proxector Epson EMP-834 1 Portátil HP (obsoleto) 2 altofalantes 1 Ebean
AULA 5	1 Proxector Acer 1 Portátil Acer 2 altofalantes 1 Ebean 1 Punto Wifi
AULA 6	1 Proxector Epson 1 PDI IQBoard (Xunta) 1 Portátil Acer 2 Altofalantes Carro cargador
AULA 7 (Antes Edixgal)	1 PDI Amtega (Xunta) 1 Proxector EPSON Amtega (Xunta) 1 Portátil Acer Amtega (Xunta) 1 Punto Wifi.
AULA 8 (AULA EDIXGAL)	1 PDI SmartBoard (Xunta) 1 Proxector Epson (Xunta)



	<p>1 Portátil ThinkPad (Xunta)                  1 Impresora HP Ofiicejet Pro 8710                  2 Altosfalantes                  1 carro carta                  24 portátiles alumnado                  23 cascos</p>
AULA 9	<p>1 PDI Promethean                  1 Proxector Acer                  1 Portátil HP                  2 altosfalantes</p>
AULA 10 (AULA EDIXGAL)	<p>1 PDI SmartBoard Amtega (Xunta)                  1 Proxector Epson Amtega (Xunta)                  2 Portátiles HP (Xunta)                  1 Impresora Brother                  25 portátiles alumnado.                  26 cascos                  1 carro cargador (Xunta)                  1 Punto wifi</p>
AULA 11	<p>1 Proxector Epson Eb-E01                  1 PDI Aqprox                  1 Portátil HP                  2 altosfalantes                  1 Punto Wifi</p>
AULA 12	<p>1 Proxector Acer                  1 PDI Aqprox                  1 Portátil HP                  2 altosfalantes</p>
BIBLIOTECA	<p>1 Proxector Epson                  2 PC Sobremesa Primux (obsoletos)                  2 Pantallas LG                  1 PC Sobremesa                  1 Pantalla HP                  1 Impresora Brother LC 970 BK                  1 Portátil Lenovo                  5 Tablets</p>
AULA TIC	<p>14 Equipos sobremesa alumnado (obsoletos)                  14 pantallas equipos alumnado                  1 PC sobremesa Dell (mestre)                  1 pantalla (mestre)                  1 Proxector Epson                  1 PDI Aqprox</p>

	1 Impresora Canon Pixma 7 portátiles (Educa En Dixital) 1 cámara HUR 5 teclados Logitech (reposto) 3 ratos Logitech (Reposto) 1 servidor
ORIENTACIÓN	1 Portátil Lenovo 1 Impresora Samsung ML 2160
MÚSICA	1 Equipo Sobremesa (Xunta) (obsoleto) 1 pantalla Samsung 1 PDI Promethean (Xunta) 1 Proxector Acer 1 Punto Wifi
AULA AL	1 Portátil HP
AULA PT	1 Portátil Acer (obsoleto) 1 PDI IQ Board (Xunta) 1 Proxector Canon 1 Impresora Samsung Xpress M 2022 1 punto Wifi
RADIO	2 Equipos sobremesa HP/lenovo 2 pantallas Phillips
SALA MESTRES	3 Equipos sobremesa HP 3 pantallas 1 fotocopiadora Konica 1 punto Wifi
Dirección	2 Equipos sobremesa HP 2 pantallas 2 servidores 1 portátil DELL 1 fotocopiadora Konica

## 2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4,2				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado	0				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	4				
C- Infraestruturas e	Equipo Direct.	4,3				

Equipos					
	Profesorado	4			
	Alumnado	4,3			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2,9			
	Profesorado	3,9			
	Alumnado	0			
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,8			
	Profesorado	4,2			
	Alumnado	0			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,5			
	Profesorado	3,6			
	Alumnado	4,6			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,4			
	Profesorado	3,5			
	Alumnado	0			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,4			
	Profesorado	4,2			
	Alumnado	4,2			

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	13	13	100,00%
PROVISIONAL	2	2	100,00%
INTERINO	4	4	100,00%
SUBSTITUTO	2	4	50,00%
DESPRAZADO			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
72,1	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a(B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	67,9	Integrador/a(B1)	68,2	
Pri.	75,8	Integrador/a(B1)	77	

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador (A2)	7	33,3%
Integrador/a (B1)	13	61,90%
Experto/a(B2)	1	4,8%
TOTAL	21	100,00%

## 2.2. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		Falta de dispositivos nos cursos non Edixgal. Probelamas técnicos habituais. Descoñecemento da infraestrutura. A maior parte dos equipos están obsoletos.
	PERSOAL DOCENTE	Interese por formación	Falta de traballo colaborativo. Falta de formación. Falta de tempo para profundizar na competencia diixtal
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Existe estratexia dixital. Centro Edixgal dende 2012	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Oferta de PFPP. UAC para solución de problemas técnicos. Continuidade Edixgal que permita renovación de equipos.	Financiación escasa. Resolución de avarías por distintas empresas. Baixa velocidade internet. Provisionalidade da coordinadora TIC.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

## Plan de Acción

### 2.3. Obxectivos, indicadores e accións

O Plan de acción está contemplado para que se vaia implantando ao longo do curso segundo a prioridade de actuación que se requira. Neste sentido, durante este curso prestarase especial atención a combatir a brecha dixital e a formación do profesorado e do alumnado.

Cada unha das accións propostas terá asociado un obxectivo real, planificado e axustado ás necesidades do centro. Determinaránse unha serie de indicadores para medir a súa consecución durante a implantación e ao final de curso.

Para poder traballar traballar cada un dos obxectivos, mostrase a información en táboas que recollen os seguintes aspectos:

**1. Título da acción:** para poder identificar cada unha delas.

**2. Área de actuación:** directiva, profesorado, alumnado e centro.

**3. Situación actual:** explicación da situación tras a análise pertinente.

**4. Indicadores:** onde se mostrará cales indicadores se utilizarán para concretar o cumprimento do obxectivo proposto, cun indicador "meta" ao cal aspiramos, cun indicador "risco" que é o mínimo desexable e co valor obtido finalmente. Se o indicador está relacionado cun aspecto recollido no SELFIE, indicárase o código ao que se pertence.

**5. Accións:** neste apartado se recollen as accións que planificamos para conseguir o noso obxectivo e nel se recolle a persoa, ou departamento responsable de que se leve a cabo, o prazo para realizala e, finalmente, si se levou a cabo.

**6. Avaliación:** neste último punto, valoraremos como se levou a cabo o plan de acción, cunha proposta de mellora.

### 2.4. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

<b>"Área/s de mellora": Infraestrutura e Equipamentos</b>						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Incrementar os recursos dixitais do centro para o uso individual do alumnado				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador/a Tic				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Cantidade de recursos dixitais acadados.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0%					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	100% (ou unha cifra concreta tamén 25 tablets)			22/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1:Adquirir 25 tablets para o alumnado</b>	Coordinador/a TIC	Remate Xuño 2023	Aportación económica ou dotación por parte da Xunta		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2:Renovación dos equipos da aula Tic</b>	Coordinador/a TIC	Remate xuño 2023	Aportación económica ou dotación por parte da Xunta		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.3:Optimizar o emprego dos recursos TIC, crear un sistema de empréstito de todos os materiais e equipos dispoñibles.</b>	Coordinador/a TIC	Remate no primeiro trimestre			<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>"Área/s de mellora": Desenvolvemento profesional continuo</b>						
<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	Incluir dentro do Plan de Formación do Centro, formación dixital para o profesorado				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo e Profesorado				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	50%					
<b>Valor de partida (3)</b>	0					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Mestres 10- Alumnado 110- Familias75			XUÑO 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1: Crear un PFPP en ferramentas dixitais e traballo colaborativo</b>	Un titor. Equipo Tic cfr	xuño 2023	Docentes Ponentes		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Creación de recursos Dixitais propios do centro</b>	Equipo Directivo Equipo Tic.	Xuño 2023	Espacios dixitais e plataformas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Pedagogía, apoio e recursos						
3. OBTXECTIVO (1):	Crear un banco de recursos específicos para a atención a diversidade.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de Orientación				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBTXECTIVO (2)	50%					
Valor de partida (3)	0					
Valor previsto e data (4)					XUÑO 2023	
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIBIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear no servidor un cartafol con material por bloques para ir subindo os materiais	Equipo de orientación	Todo o curso			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear uns recursos iniciais o principio do curso.	Equipo de orientación	Setembro			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Subir durante o curso material novo.	Equipo de orientación	Todo o curso			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



"Área/s de mellora": Colaboración e redes						
<b>4. OBXECTIVO (1):</b>	Establecer cauces de comunicación interna entre profesorado, alumnado e familias.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Un titor de cada ciclo. Xefatura de Estudos ???				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de profesores, alumnos e familias que o empregan.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0%					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	30%			Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Implementar o emprego de plataformas dixitais para a comunicación interna.	Un titor. E Xefatura de estudos	Xuño 2023	Docentes Ponentes		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Optimizar o emprego da aula virtual, abalar mobil, plataformas para videoconferencias	Equipo Directivo Coordinador/a Tic	Curso 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Crear un curso na aula virtual para documentos do centro.	Equipo Directivo. Equipo TIC	Setembro 2023	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
  - a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

### **ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

## Avaliación do plan

Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudaran a determinar si o obxectivo proposto foi acadado e si é preciso realizar variacións no seu plantexamento.

Levarase a cabo unha avaliación procesual e unha avaliación final.

- **Avaliación procesual:** Ao remate de cada trimestre o equipo Tic do centro valorará o estado no que se atopa a execución de cada unha das accións propostas, analizará e valorará os resultados acadados ata ese momento, e de ser preciso, as posibles modificacións e propostas de mellora.
- **Avaliación final:** Ao remate do curso o equipo Tic valorará o logro dos obxectivos e realizará propostas de mellora cara o curso seguinte.

### 3. Difusión do plan

Unha vez aprobado o presente plan no Consello Escolar do centro este será publicado na páxina web do centro para que todos os membros da comunidade educativa teñan a oportunidade de coñecelo.